

BASES DO 3º CONCURSO DE PODCAST DA MÚSICA GALEGA PARA *PONTE EN GALEGO!*

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Breamo convoca o 3º Concurso de podcast da música galega para *Ponte en galego!*, o programa de radio do Breamo.

PARTICIPANTES

Pode participar todo o alumnado do IES Breamo.

Os podcast poden ser realizados individualmente ou en equipo.

As e os concursantes poden participar no concurso con máis dun podcast.

CATEGORÍAS

Establécense dúas categorías:

Categoría A: alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO.

Categoría B: alumnado de 4º de ESO e Bacharelato.

FORMATO E DURACIÓN

Os podcast deberán presentarse en formato MP3 e non exceder os 5 minutos de duración.

O podcast seguirá o seguinte guión:

Introdución do programa	Comezaredes cunha canción destacada do grupo ou cantante que escollestes. A canción soará uns 30 segundos.
Presentación do programa	Quen presente dirá o título do programa e introducirá o seu nome e o das persoas participantes, se fosen varias, así como o nome do grupo ou cantante que se escolleu.
Cortina musical	Subirá o volume da música e escoitaremos outros 30 segundos da canción do principio.
Biografía do grupo	Daredes información relevante do grupo ou cantante, por exemplo: cando se formou, de onde son, quen o compón, cal é o seu estilo musical e as súas preferencias, se teñen discos, videoclips etc.
Cortina musical	Introduciredes falando a segunda canción do voso grupo ou cantante e deixaredes que soe enteira.
Máis info do grupo	Daredes as referencias das distintas redes sociais que poida ter ese grupo ou cantante (páxina web, facebook, instagram, bandcamp...).
Despedida	Quen presente despedirá o programa facendo soar a canción do principio, que deixará soar enteira.

PRAZO E MODO DE ENTREGA

Os podcast poderán entregarse na secretaría do IES Breamo nunha memoria USB ata o xoves 16 de maio.

No arquivo entregado figurará o nome e curso do(s) alumno(s) ou alumna(s) que o presenta(n) a concurso.

PREMIOS

Haberá un premio por categoría e consistirá en libros, discos e/ou material audiovisual en galego e un vale para a cafetería do centro.

A entrega de premios terá lugar no Salón de Actos do IES Breamo no día e hora que se indique cando se faga público o fallo do xurado.

O resultado do concurso será comunicado directamente á persoa ou persoas interesadas e o podcast gañador publicárase no Blog As Gabarras, na páxina e na radio do centro.

A participación no concurso está suxeita á aceptación das presentes bases.